



Fotografía de Fernando Barbeyto Nistal

LUME

O lume, o aire, a auga e a terra son os catro elementos fundamentais da Natureza que non se someten á humanidade, a quen lle conceden a sagrada misión de coidalos e mantelos íntegros para as futuras xeracións.

Nembargantes, por altiveza, cobiza e ignorancia o ser humano está empeñado en transformalos ao seu antollo, e non fai máis que ir de fracaso en fracaso, aínda que ás veces semelle que os controla e, por tanto, poida subverter a historia.

Abafado por causas espurias, o ser humano esquece que a brasa abandonada no pasto seco da braña pode prender lume e queimar campos, árbores, animais, casas, facendas, e levar moitas vidas humanas.

É preciso lembrar que as partículas tóxicas que contaminan o aire matan. Que furtarlle territorio á auga é un delito grave, que máis cedo que tarde nos fará pagar. Que a terra é para sementar vida, non para regala con sangue.

A percepción visual da humanidade sobre a Natureza debe ser ampliada e purificada, para que ninguén quede á marxe por un pensamento tóxico ou un mal paso que perturbe a luz do corazón.

